

# PROGRAMA DO V FESTIVAL DE CINE DE ROCA 2018



## Venres 27 de xullo

20:30 Apertura de portas.

21:30 Inauguración do festival: Pregón do festival a cargo de

**Mero Iglesias**, escritor e músico.

22:00 Proxección de

**“TEMPOS DE RECOLLEITA” (32’) de Félix Blume e Xurxo Fernandes**

Unha boa parte da mocidade galega interésase cada vez máis polas súas orixes culturais. Vanse cada fin de semana ao encontro das súas « memorias vivas ». Armados coa súa gravadora ou a súa pequena cámara, márchanse así á busca dunha canción que non coñecen, e quizais nunca gravada. E despois de moita charla, obteñen finalmente a confianza desas vellas mulleres que buscan na memoria os cantos da súa mocidade.

Tamén existen moitos coleccionistas, con fonotecas persoais que gardan nas súas casas. Reutilizan ás veces estes cantos para reproducilos con respecto á tradición ou pola contra, para fusionalos con outras influencias musicais...

En ambos casos, a tradición perpetúase e a canción continúa a existir!



22:30 Proxección de

**“GALICIA ENTEIRA É UN FESTIVAL” (30’) de Galicia Fest**

Xusto antes da proxección, haberá unha táboa redonda onde participarán tres das creadoras do documental que participan do proxecto *Galicia Fest*: **Berta Pan, Julia Saavedra e Nerea Fernández**, xunto con **Alfonso Blanco**, que intervén no documental como organizador do Festival de Pardiñas.



Preestrea do documental  
*Galicia enteira é un festival*

FESTIVAL DE CINE DE ROCA  
27 E 28 DE XULLO



# Sábado 28 de xullo

## 21:00 Aperturas de portas

O programa do sábado consiste no V concurso de curtametraxes de temática musical do Festival de Cine de Roca, que ten dúas categorías: Galegas e de fora de Galicia. En cada categoría, o público escollerá mediante votación unha curtametraxe gañadora que levará un premio en metálico de 100€ e un trofeo artesanal obra de Marcos Ladra, artesán da Terra Chá.

## 21:30 Proxección das CURTAMETRAXES GALEGAS seleccionadas:

**Il rumore - Fran Álvarez**                      **9'54"**

E se a reposta estivese máis preto do que pensas? Despois dun largo periodo pechada na súa habitación, chegará cun soplido do vento na herba para conseguir atopar o camiño ó cambio. A través da natureza, Léa descubre unha nova realidade que cambiará a súa vida. Podes sentir o silencio?



**Da Cantora Madan Agi - Sandra Tenreiro**                      **3'04"**

Da Cantora Madan Agi. Un video clip, musical, didáctico e de atención á diversidade en lingua de signos, creado na aula de música do I.E.S Poeta Díaz Castro de Guitiriz (Lugo), para achegar a cultura da lírica galaico-portuguesa e as súas Cantigas de Amigo do trovador de Vigo, Martín Códax, á xente mais nova.



**En Pointe - Noelia Muíño****9'35"**

Cando a profesora anuncia unha vacante para formar parte do corpo de baile profesional, Álex fará o imposible para superar a súa enfermidade e conseguir actuar no ballet "As zapatillas vermellas".

**Xunta en Corcubión - Xurxo Fernandes e Nuria Foz****8'20"**

No ano 1952 o etnomusicólogo Alan Lomax viaxou a Galicia para recompilar os arcaicos sons conservados no rural galego. Cincuenta anos despois, no ano 2002, Xurxo Fernandes, seguindo os pasos do estadounidense, entrevistou as mesmas informantes pouco antes da súa desaparición. A través da música, Xunta en Corcubión propón unha viaxe desde a Galicia do loito á Galicia máis desinhibida, desde a pobreza ao exceso, desde o oculto ao explícito, desde a convención social ata o politicamente incorrecto.





## 22:10: Proxección das CURTAMETRAXES DE FORA DE GALICIA seleccionadas.

**Kilmister – Ricardo Pastor (España)**

**4'**

Todo o mundo conoce a Lemmy... ou non? Unha parexa estrambótica atópase con unha finalidade, pero complicase todo. Homenaxe a Motorhead.



**Enamorao de ti - Tomás Romero (Málaga)**

**23'**

Toda persoa que visitara o centro histórico de Málaga tivo a sorte de atoparse con Eduardo Chamorro, tamén coñecido como “El cantinero de cuba”. Eduardo, como outros moitos malagueños, vive do turismo da cidade e pese a haber pasado por distinguidos escenarios na súa xuventude, todos os días vai ó seu posto de traballo para ofrecernos o que mellor sabe facer: o cante.



**Bakiro - Miguel New (Venezuela)**

**15'**

Bakiro is a shy wild pig that works as a janitor at a classical music hall. He dreams of being a singer but has a hideous voice. One night during a concert Bakiro is moved by a mysterious force that impels him to sing and to interrupt the exquisite performance of the widely famous and venerated soloist The Great Rooster.



**Solo de trompeta – Bernabé Bulnes (España) 19'**

Andrés separouse da súa muller e acaba de mudarse a un apartamento para comezar unha nova e ilusionante etapa. Aínda así, máis pronto do esperado, a trompeta dun veciño comeza a fastidiarlle os seus plans.



**Spechless - Ankit Anand (India) 6'**

Unha bailarina ten un admirador, pero enseguida fuxe cando se lle achega. Teme que o seu interese por ela desapareza cando coñeza que é muda. Cando os dous se atopan na pista de baile, a súa relación evoluciona en un tango.



**Caminem Lluny (Camiñemos xuntos) - Geoffrey Cowper (Barcelona) 4'**

Julia é unha alumna de 1º ESO feliz e soñadora, pero no seu intituto un grupo de mozas fanlle a vida imposible facéndolle bulling. Todo cambiará unha noite fronte do lago, onde un aliado inesperado lle axudará e lle fará xustiza



**Cazatalentos - José Herrera (Almería) 7'**

Dominique foi o cazatalentos máis prestixioso de París. Ahora tan só é a sombra do seu pasado hata que descubre a Sofía, unha bailaora española que emigra a Francia a causa da Guerra Civil española e que esconde o secreto do maior talento da historia.



**Millie e Jerry - Nunzio Fazio (EEUU) 8'**

Millie & Jerry é unha película experimental onde unha vítima de accidente cerebro vascular recorda un momento anterior no tempo cando el era un cantante. A película está rodada en Panavisión, en película Kodak, para crear unha mirada nostálxica dunha época anterior, cando Jerry estaba “vivo coa canción”. Esta película “silenciosa” conmemora a súa loita para comunicarse sen palabras.



**00:00 Entrega de premios e peche do festival.**





# V FESTIVAL V FESTIVAL DE CINE DE ROCA

27 E 28 DE XULLO | CASA ESCOLA DE ROCA · GUITIRIZ

27 E 28 DE XULLO | CASA ESCOLA DE ROCA · GUITIRIZ

# CINE DE MÚSICA DE MÚSICA

Organiza **Xermolos** Colabora **Concello de Guitiriz**





# Festival de Cine de Roca

cine de música

**Organiza Asociación Xermolos**